<p>Diagnóstico e localización de avarías.</p> <p>Técnicas de axuste e reparación de avarías en sistemas automáticos: de elementos de protección, de elementos programables e de elementos de E/S.</p> <p>Rexistros de avarías. Histórico de avarías.</p> <p>Operacións de mantemento predictivo, preventivo e correctivo nos sistemas automáticos industriais. Puntos críticos.</p> <p>Mantemento de sistemas en instalacións automáticas industriais.</p> <p>Procedementos de actuación no mantemento de instalacións automáticas: precaucións.</p> <p>Software de visualización, control e verificación de parámetros: sistemas de telecontrol.</p> <p>Parámetros básicos de comprobación nas instalacións automáticas industriais.</p> <p>Normativa de prevención de riscos laborais relativa ao mantemento de instalacións automáticas industriais.</p> <p>Prevención de riscos laborais nos procesos de montaxe e mantemento.</p> <p>Normas de seguridade no emprego de máquinas e ferramentas.</p> <p>Identificación das causas máis frecuentes de accidentes laborais nas instalacións.</p> <p>Factores e situacións de risco.</p> <p>Determinación das medidas de prevención de riscos laborais.</p> <p>Medios e equipamentos de protección individual e colectiva: características e criterios de utilización.</p> <p>Normativa de xestión de residuos, de prevención de riscos laborais e de protección ambiental.</p> <p>Orde e limpeza como elemento fundamental da seguridade no traballo.</p>

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	Regulación de procesos con PLC.	15

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Implementa sistemas automáticos industriais baseados en tecnoloxía programada, para o que elabora programas de control e configura os parámetros de funcionamento.	NO

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.5 Establecéronse as secuencias de funcionamento dun automatismo industrial programado.
CA2.6 Recoñecéronse os tipos de sinais, e os sistemas de numeración e de codificación da información.
CA2.7 Identificáronse funcións lóxicas aplicadas a automatismos industriais programados.
CA2.10 Elaboráronse diagramas funcionais e esquemas lóxicos.
CA2.11 Escribíronse programas de control.
CA2.12 Cargáronse programas e verificouse o seu funcionamento.

4.9.e) Contidos

Contidos
Secuencia de procesos e diagrama de fluxos (Grafcet, etc.).
Funcións lóxicas aplicadas á programación de autómatas programables e de PC industriais: características xerais. Modelos de funcións lóxicas segundo os fabricantes.
Programación de autómatas programables e de PC industriais: linguaxes; programación estándar e específica.
Esquemas de conexión de autómatas programables: tipos de conexión, bornes de conexións e conectadores, etc.

4.10.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
10	Supervisión e control de procesos.	18

4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Implementa sistemas automáticos industriais baseados en tecnoloxía programada, para o que elabora programas de control e configura os parámetros de funcionamento.	NO

4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.5 Establecéronse as secuencias de funcionamento dun automatismo industrial programado.
CA2.6 Recoñecéronse os tipos de sinais, e os sistemas de numeración e de codificación da información.
CA2.7 Identificáronse funcións lóxicas aplicadas a automatismos industriais programados.
CA2.10 Elaboráronse diagramas funcionais e esquemas lóxicos.
CA2.11 Escribíronse programas de control.
CA2.12 Cargáronse programas e verificouse o seu funcionamento.
CA2.13 Empregáronse sistemas de supervisión.

4.10.e) Contidos

Contidos
<p>0 Sistema de supervisión. Sistema SCADA.</p> <p>Secuencia de procesos e diagrama de fluxos (Grafcet, etc.).</p> <p>Funcións lóxicas aplicadas á programación de autómatas programables e de PC industriais: características xerais. Modelos de funcións lóxicas segundo os fabricantes.</p> <p>Programación de autómatas programables e de PC industriais: linguaxes; programación estándar e específica.</p> <p>Esquemas de conexión de autómatas programables: tipos de conexión, bornes de conexións e conectadores, etc.</p>

4.11.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
11	Implementación dun sistema de control regulado e supervisado mediante PLC.	25

4.11.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Planifica as fases da montaxe de instalacións automáticas no ámbito industrial, baseadas en tecnoloxía programada, tendo en conta o plan de montaxe e as especificacións dos elementos e sistemas.	NO
RA2 - Implementa sistemas automáticos industriais baseados en tecnoloxía programada, para o que elabora programas de control e configura os parámetros de funcionamento.	SI
RA3 - Instala sistemas de automatización en vivendas, en edificios e industriais, baseados en tecnoloxía programada, para o que realiza operacións de montaxe, conexión e axuste.	SI
RA4 - Diagnostica avarías en instalacións automáticas a nivel industrial baseadas en tecnoloxía programada, para o que localiza a disfunción e identifica as súas causas, aplicando protocolos de actuación.	SI
RA5 - Realiza o mantemento predictivo, preventivo e correctivo de instalacións automáticas a nivel industrial baseadas en tecnoloxía programada, aplicando o plan de mantemento e a normativa relacionada.	SI
RA6 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e identifica os riscos asociados, as medidas e os equipamentos para os previr.	SI

4.11.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identificouse a normativa de aplicación.
CA1.2 Identificáronse as fases da montaxe tendo en conta o plan de montaxe.
CA1.4 Recoñecéronse as especificacións de montaxe de sistemas e elementos.
CA1.5 Asignáronse recursos a cada fase da montaxe.
CA1.6 Temporalizáronse as fases da execución da montaxe.
CA1.7 Documentáronse as fases de montaxe.
CA1.8 Elaboráronse probas de verificación e comprobación.

Criterios de avaliación
CA2.1 Identificouse a estrutura empregada nos sistemas industriais con autómatas programables e con PC industriais.
CA2.2 Realizáronse diagramas de bloques dos autómatas programables e dos PC industriais.
CA2.3 Seleccionáronse autómatas programables e PC industriais en función da súa aplicación.
CA2.4 Identificáronse as tecnoloxías empregadas nos sistemas programados baseados en PLC e en PC industriais.
CA2.5 Establecéronse as secuencias de funcionamento dun automatismo industrial programado.
CA2.6 Recoñecéronse os tipos de sinais, e os sistemas de numeración e de codificación da información.
CA2.7 Identificáronse funcións lóxicas aplicadas a automatismos industriais programados.
CA2.8 Representáronse esquemas de conexión dun automatismo programable.
CA2.9 Recoñecéronse os elementos dun automatismo programable.
CA2.10 Elaboráronse diagramas funcionais e esquemas lóxicos.
CA2.11 Escribíronse programas de control.
CA2.12 Cargáronse programas e verificouse o seu funcionamento.
CA2.13 Empregáronse sistemas de supervisión.
CA3.1 Enumerouse o funcionamento e as características técnicas dos sistemas de automatización programada.
CA3.2 Identificáronse as tecnoloxías empregadas nos sistemas programados.
CA3.3 Establecéronse procedementos de montaxe específicos.
CA3.4 Seleccionáronse os equipamentos e os materiais.
CA3.5 Conectáronse elementos da instalación.

Criterios de avaliación
CA3.6 Configúranse os elementos conectados.
CA3.7 Instálense os elementos de seguridade.
CA3.8 Combináronse aplicacións relativas aos contornos de automatización industrial programada.
CA3.9 Respectáronse as normas de seguridade e de compatibilidade electromagnética.
CA4.1 Identifícanse os puntos críticos dunha instalación automática industrial.
CA4.2 Propúxéronse posibles causas de avaría.
CA4.3 Defínese un protocolo de actuación para a localización e a solución de avarías.
CA4.4 Realizáronse as medidas oportunas para localizar a avaría.
CA4.5 Propúxéronse axustes e outros puntos de mellora para que non volva producirse a avaría.
CA4.6 Elaborouse rexistros de avarías.
CA5.1 Identifícanse as operacións de mantemento predictivo, preventivo e correctivo da instalación.
CA5.2 Planificouse o mantemento preventivo.
CA5.3 Elaborouse o procedemento de actuación para cada tipo de sistema.
CA5.4 Establecéronse os parámetros básicos que cumpra comprobar na instalación.
CA5.5 Determináronse os elementos máis usuais susceptibles de ser intervidos.
CA5.6 Substituíronse elementos das instalacións automáticas.
CA5.7 Programáronse e axustáronse elementos e equipamentos.
CA5.8 Elaboráronse documentos de rexistro das operacións de mantemento.

Criterios de avaliación
CA6.1 Identifícaronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación dos materiais, as ferramentas, os utensilios, as máquinas e os medios de transporte.
CA6.2 Operouse con máquinas e ferramentas respectando as normas de seguridade.
CA6.3 Identifícaronse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas, máquinas de corte e conformación, etc.
CA6.4 Recoñecéronse os elementos de seguridade (proteccións, alarmas e paros de emerxencia, etc.) e os equipamentos de protección individual e colectiva (calzado, protección ocular e indumentaria, etc.) que haxa que empregar nas operacións de montaxe e mantemen
CA6.5 Identificouse o uso correcto dos elementos de seguridade e dos equipamentos de protección individual e colectiva.
CA6.6 Relacionouse a manipulación de materiais, ferramentas e máquinas coas medidas de seguridade e protección persoal requiridas.
CA6.7 Identifícaronse as posibles fontes de contaminación do contorno ambiental.
CA6.8 Clasificáronse os residuos xerados para a súa retirada selectiva.
CA6.9 Valorouse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.

4.11.e) Contidos

Contidos
Fases da montaxe específicas das instalacións automáticas no ámbito industrial. Procedementos específicos para montaxe de cadros, de instalacións e outros equipamentos.
Normativa de aplicación na montaxe de automatismos no ámbito industrial.
Organización da montaxe de cadros.
Recursos humanos e materiais.
Especificacións da montaxe.
Características específicas dos elementos das instalacións industriais.
Ferramentas específicas para a montaxe de cadros eléctricos.
Sistemas informáticos de documentación aplicados á montaxe, a planificación e a verificación das instalacións automáticas no ámbito industrial.
Temporalización.

Contidos

Estrutura e configuración dos sistemas industriais baseados en autómatas programables e en PC industriais.

OSistema de supervisión. Sistema SCADA.

Tipos de sinal: dixitais e analóxicas. Convertedores de sinal. Interpretación de sinais: criterios de aceptación.

Códigos e sistemas de codificación.

Secuencia de procesos e diagrama de fluxos (Grafcet, etc.).

Funcións lóxicas aplicadas á programación de autómatas programables e de PC industriais: características xerais. Modelos de funcións lóxicas segundo os fabricantes.

Esquemas lóxicos. Tipos e implementación en autómatas programables e de PC industriais.

Autómata programable e PC industrial: funcionamento, características, dimensionamento e criterios de selección. Módulos de E/S, analóxicos e específicos (módulos de comunicación, de redes industriais, de control de máquinas e posicionamento, etc.). Unidada

Programación de autómatas programables e de PC industriais: linguaxes; programación estándar e específica.

Esquemas de conexión de autómatas programables: tipos de conexión, bornes de conexións e conectadores, etc.

Instalación de autómatas programables e de PC industriais. Precaucións.

ONormas de seguridade e de compatibilidade electromagnética.

Axuste de elementos e sistemas, de programacións e de módulos de E/S, etc.

Selección de equipamentos e materiais.

Instalación de aplicacións automatizadas baseadas en tecnoloxía programada.

Aplicacións e áreas de aplicación: domótica e inmótica, control de motores, de accesos, de iluminación, de seguridade e de climatización, etc. Comunicacións entre equipamentos. Tipos e implementación de tecnoloxías das instalacións domóticas e inmóticas.

Montaxe de sensores e receptores asociados a automatismos programables industriais.

Instalacións automatizadas con autómatas programables: procedementos de montaxe e supervisión.

Instalacións automatizadas con PC industriais: procedementos de montaxe e supervisión.

Procesos e procedementos de conexión, axuste, programación, montaxe, supervisión e verificación de funcionamento do sistema.

Puntos críticos das instalacións.

Diagnóstico e localización de avarías.

Contidos

Técnicas de axuste e reparación de avarías en sistemas automáticos: de elementos de protección, de elementos programables e de elementos de E/S.

Rexistros de avarías. Histórico de avarías.

Operacións de mantemento predictivo, preventivo e correctivo nos sistemas automáticos industriais. Puntos críticos.

Mantemento de sistemas en instalacións automáticas industriais.

Procedementos de actuación no mantemento de instalacións automáticas: precaucións.

Software de visualización, control e verificación de parámetros: sistemas de telecontrol.

Parámetros básicos de comprobación nas instalacións automáticas industriais.

Normativa de prevención de riscos laborais relativa ao mantemento de instalacións automáticas industriais.

Prevención de riscos laborais nos procesos de montaxe e mantemento.

Normas de seguridade no emprego de máquinas e ferramentas.

Identificación das causas máis frecuentes de accidentes laborais nas instalacións.

Factores e situacións de risco.

Determinación das medidas de prevención de riscos laborais.

Medios e equipamentos de protección individual e colectiva: características e criterios de utilización.

Normativa de xestión de residuos, de prevención de riscos laborais e de protección ambiental.

Orde e limpeza como elemento fundamental da seguridade no traballo.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**MÍNIMOS EXIXIBLES:**

Os seguintes puntos definen os coñecementos e habilidades mínimas que debe acadar o alumnado para superar o módulo de Técnicas e procesos en de instalacións domóticas e automáticas. O alumnado que demostre a través dos instrumentos de avaliación correspondentes ter superado todos estes criterios, obterá unha nota entre 5 e 10 na cualificación final do módulo e polo tanto o aprobado do mesmo



* Visión xeral das instalacións automáticas industriais :

- Identifícanse os tipos de procesos industriais.
- Identifícase a estrutura dunha instalación automática industrial.
- Recoñécense aplicacións nos sistemas industriais.
- Identifícanse as tecnoloxías de automatización (con cables e programable) a nivel industrial.
- Identifícanse as variables que cumpra controlar en procesos automáticos industriais.
- Identifícanse sensores, actuadores e receptores tendo en conta o seu funcionamento, as súas características técnicas e a súa aplicación.
- Recoñeceuse a simboloxía específica normalizada.

* Instalacións eléctricas automáticas de uso industrial, baseadas en tecnoloxía con cables :

- Identifícanse equipamentos e elementos en esquemas de instalacións eléctricas automáticas de uso industrial baseadas en tecnoloxía con cables.
- Recoñécense as características industriais dos sensores, preactuadores, actuadores, elementos de diálogo persoa-máquina e demais elementos da instalación.
- Seleccionáronse os elementos da instalación (proteccións, sensores, preactuadores, actuadores e cableamentos, etc.).
- Identifícanse os esquemas de mando e potencia de instalacións eléctricas automáticas de uso industrial, baseadas en tecnoloxía con cables.
- Dimensionáronse e montáronse os elementos de potencia: arrancadores electrónicos, variadores de velocidade
- Determináronse os elementos auxiliares da instalación (cadros, condutores, canalizacións, etc.), en función da instalación.
- Conformáronse ou mecanizáronse elementos das instalacións.
- Tendeuse e conectouse o cableamento.
- Montáronse e conectáronse equipamentos e elementos da instalación.
- Verificouse o funcionamento das instalacións.
- Elaborouse a documentación técnica da montaxe.
- Montáronse, conectáronse e determináronse as secuencias de actuación dos automatismos electropneumáticos.
- Identifícanse os puntos críticos dunha instalación automática industrial baseada en tecnoloxía cableada.
- Propuxéronse posibles causas de avaría.
- Definiuse un protocolo de actuación para a localización e a solución de avarías.
- Realizáronse as medidas oportunas para localizar a avaría.
- Identifícanse as operacións de mantemento predictivo, preventivo e correctivo da instalación.
- Substituíronse elementos das instalacións automáticas.
- Programáronse e axustáronse elementos e equipamentos.

* Instalacións eléctricas automáticas de uso industrial, baseadas en tecnoloxía programada :

- Recoñecéronse as especificacións de montaxe de sistemas e elementos.
- Asignáronse recursos a cada fase da montaxe.
- Documentáronse as fases de montaxe.
- Elaboráronse probas de verificación e comprobación.
- Identificouse a estrutura empregada nos sistemas industriais con autómatas programables e con PC industriais.
- Realizáronse diagramas de bloques dos autómatas programables
- Seleccionáronse autómatas programables en función da súa aplicación.
- Establecéronse as secuencias de funcionamento dun automatismo industrial programado.
- Recoñecéronse os tipos de sinais, e os sistemas de numeración e de codificación da información.
- Identificáronse funcións lóxicas aplicadas a automatismos industriais programados.
- Representáronse esquemas de conexión dun automatismo programable.
- Recoñecéronse os elementos dun automatismo programable.
- Elaboráronse diagramas funcionais , esquemas lóxicos e análise de secuencias por GRAFCET.
- Escribíronse programas de control.
- Cargáronse programas e verificouse o seu funcionamento.
- Enumerouse o funcionamento e as características técnicas dos sistemas de automatización programada.
- Seleccionáronse os equipamentos e os materiais.
- Conectáronse elementos da instalación.
- Configuráronse os elementos conectados.
- Instaláronse os elementos de seguridade.
- Respectáronse as normas de seguridade e de compatibilidade electromagnética.
- Identificáronse os puntos críticos dunha instalación automática industrial programada.
- Propuxéronse posibles causas de avaría.
- Definiuse un protocolo de actuación para a localización e a solución de avarías.
- Realizáronse as medidas oportunas para localizar a avaría.
- Substituíronse elementos das instalacións automáticas.
- Programáronse e axustáronse elementos e equipamentos.

* Normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental :

- Identifícanse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación dos materiais, as ferramentas, os utensilios, as máquinas e os medios de transporte.
- Operouse con máquinas e ferramentas respectando as normas de seguridade.
- Identifícanse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas, máquinas de corte e conformación, etc.
- Recoñécéronse os elementos de seguridade (proteccións, alarmas e paros de emerxencia, etc.) e os equipamentos de protección individual e colectiva (calzado, protección ocular e indumentaria, etc.) que haxa que empregar nas operacións de montaxe e mantemento.
- Identificouse o uso correcto dos elementos de seguridade e dos equipamentos de protección individual e colectiva.
- Identifícanse as posibles fontes de contaminación do contorno ambiental.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Segundo o Artigo 26 punto 1 da Orde do 12 de xullo de 2011, a cualificación dos módulos profesionais será numérica, entre 1 e 10, sen decimais, agás no de formación en centros de traballo (FCT) que se cualificará como «apto/apta», ou «non apto/non apta».

_ Para aprobar este módulo, será suficiente e necesario superar todos e cada un dos mínimos exixibles, e de non cumprirse a nota final será como máximo de 4.

_ En canto ás competencias profesionais valoraranse mediante probas teóricas referidas os contidos e mediante probas de carácter práctico.

A nota de cada unha das avaliacións calcularase según os seguintes criterios de cualificación:

- 50% probas escritas de contidos e/ou probas na aula virtual.
- 30% probas prácticas propostas nas montaxes do taller.
- 10% boletín de exercicios e/ou actividades na aula virtual.
- 10% participación activa na aula_taller durante o proceso de ensinanza aprendizaxe.

As actividades prácticas que non se realicen coas medidas de seguridade obrigatorias (EPIS de emprego obrigatorio) non contarán para a nota final de cada avaliación.

As probas escritas de contidos e/ou probas na aula virtual realizadas en cada trimestre consistirán nunha serie de preguntas que levarán a puntuación indicada de forma individual.

As probas de carácter práctico realizadas en cada trimestre consistirán na montaxe, posta en servizo e verificación dunha instalación práctica proposta ademais dunha serie de preguntas que levarán a puntuación indicada de forma individual.

Para as actividades prácticas que se realicen o longo do trimestre, cada alumno deberá realizar os montaxes e presentar unha memoria por práctica ou actividade que será valorada de 1 a 10. A media das prácticas realizadas suporá o 50% da nota das probas prácticas, o restante 50% corresponde a proba práctica que se realizará o final de cada trimestre.

No caso de non realizarse ningún tipo de proba práctica o fin de cada avaliación a media das prácticas realizadas suporá o 100% da nota das probas prácticas.

A nota final será a media da nota obtida nas avaliacións.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

No caso de que en algunha avaliación se obteña unha nota inferior ó 5, haberá que recuperar as partes de dita avaliación que impediron unha avaliación positiva. O período para realizar estas probas ou actividades de recuperación será entre a data da 3ª avaliación e a avaliación final, establecidas no calendario escolar do centro. Nese período e antes de ditas probas, o profesor establecerá un horario de clases de recuperación en función das necesidades deste alumnado e organizará as actividades adecuadas para á preparación das probas ou recuperación de actividades prácticas.

Ditas probas serán de tipo proba escrita en caso de non haber superado algunha proba con ese carácter, e serán de similares características as probas escritas do período ordinario.

De estar pendente a subsanación de deficiencias na realización de prácticas ou nas memorias entregadas e que levan a unha nota inferior a 5 en algunha actividade práctica, o período para satisfacelas será o anteriormente sinalado e sempre antes da data de realización das probas escritas de recuperación.

Para a superación do módulo será necesario obter unha nota igual ou superior a 5 en cada unha das partes pendentes (probas escritas e cada unha das actividades prácticas)

Non ten dereito a asistir as actividades de recuperación o alumnado con perda de avaliación continua.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Aqueles alumnos que acumulen un número de faltas non xustificadas superior ó 10% do total de sesións do MP ou superior ó 15% en faltas totais, perderán o dereito a avaliación continua, co cal, poderán asistir á clase, anque non ós exames. Tampouco terán dereito a cualificación das actividades prácticas.

O procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria a que terá dereito o alumnado que perda o dereito de avaliación continua, terá como referencia todos os Resultados de Aprendizaxe e os Criterios de Avaliación establecidos no currículo. E polo tanto estará baseada nas probas escritas do período ordinario e nos coñecementos e destrezas que se trataron nas actividades prácticas durante o período ordinario. Só se conservarán como superadas aquelas partes ou avaliacións que así puidesen constar do período ordinario no caso de que as faltas non xustificadas non superen o 10%, podendo o alumno neste caso acollerse as actividades de recuperación programadas para alumnos sen perda de avaliación continua.

Tendo en conta o indicado anteriormente, elaborárase a proba de avaliación extraordinaria que constará dunha parte que se desenvolverá mediante proba escrita e unha parte práctica que se desenvolverá utilizando unha lista de cotexo para a súa cualificación. Para poder superar ó módulo, será preciso superar cada unha das partes anteriormente citadas cunha nota igual ou superior ó 5.

A proba de avaliación extraordinaria poderá ser desenvolvida en varios días. O alumnado con perda de dereito a avaliación continua terá que informarse da data ou datas desta avaliación poñéndose en contacto co/a profesor/a que imparte o módulo.

Esta proba final poderá coincidir en tempo e forma coas probas programadas como actividades de recuperación para o alumnado sen perda de dereito a avaliación continua, e dentro do período de recuperación establecido no calendario escolar (habitualmente a principios do mes de Xuño)

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A avaliación do proceso de ensinanza é necesaria para poder detectar deficiencias, formulacións que non serven para acadar os obxectivos previstos, así como áreas susceptibles de mellora.

Así, poderá incorporarse á programación didáctica propostas de actualización que redunden na mellora da calidade do ensino.

A avaliación comprenderá:

- Seguimento mensual do cumprimento da programación didáctica, efectuados polo propio docente no que reflectirá o grao de cumprimento das actividades previstas así como posibles desviacións da duración inicialmente asignada.

- Propostas de mellora produto da reflexión da propia práctica docente e da análise dos seguimentos periódicos da programación.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A función da avaliación inicial é a de examinar o nivel inicial do alumnado e anticipar posibles dificultades de aprendizaxe. Levaráse a cabo nas primeiras semanas de clase.

O profesorado de 1º curso reuniráse para presentar as impresións recollidas o alumnado, que se reflectirán nunha acta.

A procedencia da información na que basear a a avaliación inicial pode ser:

- Documental:

-> Informes individualizados dispoñibles da etapa anterior.

-> Informes dos que dispoña o Departamento de Orientación.

-> Outros estudos de carácter regrado, ocupacional ou contínuo.

- Observacional: Seguimento e evolución académica do alumnado nos primeiros días.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para aqueles alumnos que non respondan globalmente ós obxectivos programados, estableceranse unha serie de medidas de reforzo para que acaden os mínimos esixibles.

As principais medidas ordinarias de reforzo educativo serán:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.

- Metodoloxías baseadas no traballo cooperativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.

- Variación e gradación da dificultade das actividades de taller definindo tarefas fundamentais ou mínimas e complementarias ou avanzadas.

A LOE, no seu artigo 73, prevé medidas de flexibilización curricular, que consisten na alteración da temporalización establecida con carácter xeral. Estas medidas, de carácter extraordinario, faranse contando co diagnóstico e co seguimento do Departamento de Orientación do Centro.

Os alumnos con maior susceptibilidade de requirir medidas de reforzo educativo son:

- Alumnos adultos, que volven ó sistema educativo moito tempo despois de ter concluído os seus estudos e teñen experiencia laboral, en algúns casos relacionada co ciclo. Este grupo pode presentar dificultades á hora de asimilar conceptos abstractos pero teñen un maior grao de madurez e compromiso.

- Alumnos que accederon ó ciclo a través dunha modalidade do Bacharelato distinta da tecnolóxica ou a través do ciclo medio.

Ademais, teremos en conta que podemos ter alumnos que cursaron estudos universitarios para os que é probable que precisemos elaborar actividades de ampliación de maior grao de complexidade.

Tamén se prestará especial atención a posibilidade de presenza de alumnado con TDAH diagnosticado, aplicando se é o caso o "Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario" elaborado pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Aínda que se trata dun módulo cuns contidos fundamentalmente técnicos, orientados a adquirir unhas capacidades terminais profesionais, se temos en conta as competencias e obxectivos que menciona o currículo, non podemos esquecer os valores cívicos. Os obxectivos da educación en valores son:

- Contribuír a desenvolver nos alumnos e alumnas capacidades necesarias para desenvolverse como cidadáns con plenos dereitos e deberes na sociedade.

- Posibilitar que os alumnos e a alumnas sexan capaces de adoptar actitudes e comportamentos baseados en valores racionais e libremente asumidos.
- Educar aos alumnos en certas actitudes, coas que adoptar posicións positivas de participación activa e responsable respecto aos problemas sociais.
- Favorecer a igualdade entre homes e mulleres, así como a integración de alumnado con discapacidade, a través de actividades interactivas e colaborativas.
- Fomentar o respecto mutuo, a igualdade de trato e a liberdade de pensamento.

Para finalizar, resaltar que a labor do profesorado, ademáis de formadora, tamén é a de educador.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

A través do Departamento de Electricidade e Electrónica, do Departamento de Información e Orientación Profesional así como do Departamento de Relación cas Empresas organízanse visitas, charlas e ponencias de diversos temas que complementan a formación dos alumnos.